



RESULTADOS DO SEGUNDO EXERCICIO (SUPOSTOS PÁCTICOS) DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DA PRAZA DE XEFE/A DE INSTALACIÓNS E REDES, PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE TEO E DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN

Reunido, o día 10 de xuño de 2016, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a provisión de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, para a praza de XEFE/A DE INSTALACIÓNS E REDES do servizo municipal de saneamento e abastecemento do Concello de Teo, adopta os seguintes acordos:

1.- Desestimar a reclamación presentada por D. Javier Trashorras Manso, (rex nº 4295, de 01/06/2016), na que solicita a anulación do primeiro exame, celebrado o 25/05/2016, e pide nova convocatoria, alegando que non se cumpriron os requisitos de publicidade a través da web do Concello, tendo en conta que si se cumpriron os requisitos de publicidade da data de celebración do primeiro exercicio da fase de oposición, exame tipo test, a través do taboleiro de anuncios e da web do Concello, conforme ao establecido nas bases da convocatoria.

2.- Proceder á cualificación do segundo exercicio da fase de oposición, supostos prácticos, da convocatoria para a provisión de persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, para a praza de XEFE/A DE INSTALACIÓNS E REDES do servizo municipal de saneamento e abastecemento do Concello de Teo, realizado o día 1 de xuño de 2016, polo único aspirante que estaba convocado para a realización da proba, D. ANDRÉS GARCÍA AMARANTE.

O Tribunal valora o exercicio realizado por D. Andrés García Amarante, de acordo cos criterios establecidos polo Tribunal para a súa corrección, de acordo co disposto nas Bases da convocatoria, e outórgalle a cualificación de 4 puntos.

Á vista do resultado, e tendo en conta que o aspirante non supera esta proba eliminatória, xa que non acada a puntuación mínima de cinco puntos establecida nas Bases da convocatoria, o Tribunal acorda non seleccionar a ningún candidato e non realiza proposta de contratación para a praza de xefe/a de Instalacións e redes do



CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

servizo municipal de saneamento e abastecemento do concello de Teo, debido a que ningún aspirante superou o proceso selectivo.

Teo, 16 de xuño de 2016

A secretaria do tribunal

